

Xaneiro

Actividades propostas

Para todo o centro:

Ao longo do curso prepararemos as olimpíadas do colexio. É necesaria a implicación de toda a comunidade educativa. Crearanse grupos de traballo para elaborar as probas por tramos de idade, ademais de ir elaborando ao longo do curso todo o relativo ao equipamento das participantes, cerimonia de inauguración e de clausura, medallas, diplomas... Realizarase un concurso no primeiro trimestre para elixir a mascota das olimpíadas, que será a mascota do centro ao longo de todo o curso.

3-6 ANOS:

Realizaremos un memori cos deportes das olimpíadas, buscando que as imaxes sexan de nenas ou mulleres practicando o deporte. Algunhas ligazóns onde buscar as imaxes:
- https://es.islcollective.com/resources/printables/worksheets_doc_docx/deportes/deportes-principiante-prea1/60499
- <https://goo.gl/KbSIow>

6-9 ANOS:

Partindo dos deportes que se desenvolven nas Olimpíadas de verán, deberán buscar unha muller que participase en cada unha das probas olímpicas e buscarán a súa biografía. A partir dela elaboraremos un libro sobre mulleres deportistas.

9-12 ANOS:

Debate sobre esta noticia. Séntense os nenos ameazados polas nenas?
https://deportes.elpais.com/deportes/2017/04/02/actualidad/1491150485_663639.html

12-15 ANOS

Trivial de deportes e mulleres, con datos sobre pioneiras, medallistas, marcas... Primeiro elaboraremos as preguntas para o trivial entre todo o alumnado da clase. Despois utilizaremos o taboleiro de Trivial pero cambiando os cartóns e o significado dos queixiños:



Azul.- Olimpíadas de inverno
Verde.- Olimpíadas de verán.
Marrón.- Pioneiras.
Amarelo.- Medallistas españolas
Laranxa.- Plusmarquistas
Rosa.- Outros deportes.

15-18 ANOS

Elaboraremos un "XENGA" xogo no que, en cada peza, se escribirá un tema de debate sobre mulleres e deporte. Cada persoa debe escoller unha peza; se o tema está escrito en azul deben argumentar en positivo. Se o tema sae en vermello, deben argumentar en negativo. Os argumentos non deben repetirse e terán 3 minutos para argumentar.

PERSONAS ADULTAS

Análise da foto con perspectiva feminista.
http://www.eldiario.es/desalambre/reaccion-foto-voley-playa-demuestra_0_547345798.html
Debate sobre a noticia de [eldiario.es](http://www.eldiario.es)



Doaa Elghobashy (left of Egypt) and Kira Walkenhorst of Germany compete in the women's preliminary beach volleyball during the Olympics in Rio. Credit Lucy Nicholson/Reuters

Febreiro

3-6 ANOS:

"Transporte do globo" As persoas desprázanse libremente polo espazo animadas pola música. Cando se pare a música buscaremos unha parella mixta para levar un globo coa parte do corpo que se sinala (ombreiro, cara, pescozo, perna, cu, cadeira, etc.).

9-12 ANOS:

"A muller no deporte, o papel das pioneiras"

Sabes o que significa a palabra pioneira?, e a palabra referente? Se non as sabes búscasas no dicionario.
Durante este mes imos estudar as pioneiras españolas no deporte. Estas mulleres iniciaron o camiño para que cada vez haxa máis igualdade no deporte e non haxa deportes "de mozas" e "de mozos". Pretendemos reivindicar a proxección das deportistas de elite para axudar a crear iconas femininas que sexan referentes para fomentar a práctica deportiva entre as mulleres en igualdade de oportunidades, rompendo cos estereotipos de xénero impostos na sociedade.

- Ver o vídeo sobre "a muller no deporte"

<https://www.youtube.com/watch?v=2-sjlTz-NuI>. É importante ter exemplos de mulleres deportistas?

Podemos seguir falando con toda a clase sobre al-



gúns estereotipos: "as nenas son máis torpes", "os nenos son mellores nas actividades deportivas porque son máis fortes", "as nenas no se esforzan facendo deporte".

Dividiremos a clase en cinco equipos para buscar información sobre as pioneiras: En que deporte destacaron? Cales foron os seus logros máis importantes? Que importancia teñen estas pioneiras para todas nós? Son deportes tradicionalmente considerados de homes? Faremos un mural e expoñerémolo ante o gran grupo para compartir o aprendido.

Subiremos a Instagram unha foto de cada unha destas mulleres indicando nos comentarios o deporte que practicou e cales foron os seus logros.

12-15 ANOS

Desde 1987 o Premio Príncipe de Asturias do deporte, agora denominado Princesa de Asturias, é concedido á persoa, persoas, institución ou institucións que ademais da exemplaridade da súa vida e obra conseguisen novas metas e contribuísen co seu esforzo de maneira extraordinaria ao perfeccionamento, cultivo, promoción e difusión dos deportes.

Reflexión en grupo:

Pero, nestes 30 anos de historia, a cantas mulleres se lles concedeu este galardón...?

O alumnado fará unha procura activa para obter como resultado 4 mulleres fronte a 26 homes ou colectivos masculinos.

Na aula faremos unha treboada de ideas para ver que mulleres consideran que deberían estar na lista de premiadas, ou que poderían ser candidatas. Ao final, elaboraremos unha lista de dez mulleres ou colectivos femininos.

Organizaremos a nivel de centro un concurso, no que participará todo o alumnado, onde se expoñerán en carteis os méritos deportivos destas 10 candidatas e posteriormente farase unha votación para decidir cal sería a máis votada.

Este concurso pódese facer coincidir con algunha data que conmemore algún fito deportivo.

15-18 ANOS

"O sexismo no deporte antes e agora"

Ver o vídeo "A participación da muller no deporte en 1941"
<https://www.youtube.com/watch?v=c3jeaZ5RTyg> e entresacar todos os comentarios sexistas do reporteiro. Busca a diferenza entre estereotipo e rol. A que estereotipos de xénero fan referencia eses comentarios? Que roles de muller se nos presentan?

Poñer en común en grupos de tres. Despois completaremos en asemblea.

Agora buscaremos na Internet noticias sexistas actuais sobre as nosas deportistas e analizaremos tamén os estereotipos de xénero e os roles de muller que nos presentan. A modo de revisión faremos murais con esas noticias sexistas e colocáremoslos por todo o centro.

Faremos chios ou instagrams de denuncia con esas noticias indicando que rol asignan ás mulleres eses xornalistas ao redactar esa noticia.

PERSOAS ADULTAS

Facer un resumo da evolución do fútbol feminino entre todas as persoas da clase: dividir a clase en grupos e cada grupo encargárase dunha etapa, da que sacarán varias imaxes con texto para unha presentación de powerpoint ou programa similar.

- Etapas (dámosvos algunhas páxinas, teredes que buscar máis):

- Antecedentes.

- <https://olimpiadasfutbol.wikispaces.com/Historia+del+fútbol+femenino>

- Primeiro partido feminino do que hai documentación.

- <http://www.mundodeportivo.com/futbol/femenino/20150323/102661324441/se-cumplen-anos-del-primer-partido-de-futbol-femenino-reconocido-por-la-fifa.html>

- <http://www.furiaroja.com/pioneras/futbol-femenino.html>

- Primeiro equipo de fútbol feminino.

- <http://www.furiaroja.com/pioneras/futbol-femenino.html>

- Eurocopa feminina.

- <http://www.hoy.es/deportes/futbol/201705/25/carmen-menayotres-partidos-2017052003311-v.html>

- <http://es.uefa.com/womensunder19/news/newsid=2493911.html>

- http://www.furiaroja.com/femenina/nacimiento_de_la_eurocopa_femenina.html

- O fútbol feminino chega a España. O exemplo de Irene González. <http://www.laopinioncoruna.es/contraportada/2017/04/16/irene-jugadora-futbol-extraordinaria/1171720.html>

- Vero Boquete

- <http://blog.futbolfactory.es/futbol-femenino-en-espana/>

- https://elpais.com/deportes/2017/06/30/actualidad/1498853856_066896.html

- O primeiro partido non oficial da selección feminina de fútbol.

- <http://www.furiaroja.com/femenina/primer-partido-seleccion-femenina.html>

- Primeiro partido oficial da selección feminina de fútbol. <http://www.furiaroja.com/femenina/primer-partido-oficial.html>

- Situación actual do fútbol feminino: máis sombras ca luces. Documental de TVE (Documentos TV): "Cuestión de pelotas" <http://www.rtve.es/alacarta/videos/documentos-tv/documentos-tv-20101016-2225/904445/>

- Tratamento da prensa do fútbol feminino e das futbolistas. https://elpais.com/deportes/2017/06/30/actualidad/1498853856_066896.html

- A primeira muller árbitra de España.

- <http://www.furiaroja.com/entrevistas/Rosa-Bonet-Primera-mujer-arbitro-futbol-espana.html>

- <http://www.arbitro10.com/reportaje/rosa-bonet-la-lucha-primeira-arbitra-del-futbol-espanol>

Con todas as imaxes montaremos unha presentación para expoñer nas aulas do centro e tamén a subiremos a Youtube. Algunhas fotografías pódense subir a Instagram ou Twitter.

Estas actividades están resumidas. A súa extensión impide reproducirlas completas. Actividades completas e anexos en organizaciandemujeres.org

3-6 ANOS:

Realizar un circuíto de atletismo, levando cada alumno ou alumna o nome dunha muller deportista máis ou menos famosa, sexa internacional, nacional ou local. As probas de atletismo faranse adaptadas á idade do alumnado.

6-9 ANOS:

Preparamos un circuíto ao aire libre e os alumnos e alumnas percorrénno dúas veces: a primeira de forma individual, e, a segunda, en parella e cunha venda nos ollos (alternándose o papel de "cego" os dous compoñentes). Cadaquén anotará os seus tempos.

Despois, reunida a clase en asemblea, reflexiónase co alumnado sobre os diferentes tempos empregados na execución segundo a modalidade. Ademais, cada persoa explicará como se tentou suplir a falta de visión mediante a agudización dos outros sentidos. Íranse anotando estas sensacións nun mural.

9-12 ANOS:

Mulleres atletas: "Macroactividade" de coeducación, de carácter interxeracional, para o fomento da igualdade de oportunidades entre mozos e mozas.

A súa duración adáptase á programación do centro e ao número de participantes; a duración recomendada é de 2 sesións.

1ª proba: cuestionario de preguntas sobre mulleres atletas históricas.

2ª proba: buscar atletas femininas campioas nas súas disciplinas.

3ª proba: buscar probas de atletismo nacionais nos que o premio sexa o mesmo para homes e para mulleres. (Insistir en que a pesar de realizaren a mesma proba, ás veces os premios non son iguais para homes e mulleres).

4ª proba: Organizar unha carreira e concurso de saltos no centro con algún fin benéfico no que se poñan os mesmos premios para homes e para mulleres. Insistir nas figuras de Miriam Vasco e Carlota Castrejana como referentes. Deseñar cartel da proba por grupos de traballo.

12-15 ANOS

Elabora un cadro onde sinalas as diferenzas que atopas entre Lorena Ramírez e María Vasco no que toca ao seu adestramento, dieta, patrocinadores, equipo, loxística, etc.

Busca fotos e elabora un mural co cadro. Despois analízade que dificultades tiveron que superar e dicíde que valores as unen.

http://verne.elpais.com/verne/2017/05/18/mexico/1495129378_181922.html

http://verne.elpais.com/verne/2017/06/07/album/1496850982_706252.html

http://verne.elpais.com/verne/2017/06/07/mexico/1496801089_230696.html

http://verne.elpais.com/verne/2017/06/07/mexico/1496854195_068641.html

http://www.elconfidencial.com/alma-corazon-vida/running/2015-03-14/maria-vasco_727241/

<http://www.elcorreo.com/vizcaya/20071216/deportes/mas-deporte/santamarta-pionera-20071216.html>

15-18 ANOS

Documentarse, a través de artigos publicados na Internet, sobre a vida de María Lorena Ramírez, unha muller de 22 anos pertencente á tribo Tarahumara que venceu na ultramaratón de 50 Km. en Cerro Rojo de Puebla (México), sen ningún tipo de roupa deportiva, con sandalias e saia.

Despois analizar a relación do deporte e a sociedade de consumo (documentándose previamente). Por último realizar un debate sobre se é necesario ter uns caros equipamentos deportivos para obter bos resultados no deporte.

PERSONAS ADULTAS

La ligne droite (2011)

Despois de 5 anos no cárcere, a atleta de elite, Leila queda libre. Yannick é un atleta mozo que perdeu a vista recentemente nun accidente de coche e a única disciplina na que pode competir é a carreira, pero ten que facelo guiado. Leila será os ollos de Yannick (V.O. en francés).

https://youtu.be/soNY4Yw_NY8

Facer unha análise da película; que valoracións poden facer das dificultades, obstáculos..., e se iso hoxe en día estaría relacionado coas nosas deportistas de elite tamén.



Abril

3-6 ANOS:

1ª actividade:

Na asemblea preséntase ás tres mulleres que forman parte do calendario e o deporte que practica cada unha delas.

Despois, o alumnado pode tomar a palabra e dicir se coñece a outras mulleres que practiquen este deporte ou outros relacionados co mundo da bicicleta.

2ª actividade:

Rocío Gamonal foi campioa mundial de ciclismo de montaña e 6 veces campioa de España en ciclocross. Investiga coas túas compañeiras e compañeiros de clase, coa axuda do profesorado, en que consisten estas especialidades de ciclismo.

Dori Ruano foi campioa de España de ciclismo en pista e en ruta en varias ocasións, ademais participou en campionatos do mundo e en varios xogos olímpicos. Tamén participa nunha escola de ciclismo formando nenas e nenos nos valores deste deporte. Debate coas túas compañeiras de clase sobre os valores que deben prevalecer en quen practique este ou calquera outro deporte.

3ª Actividade:

Joane Somarriba gañou, en dúas ocasións, unha importante competición ciclista en Italia e, en tres, outra importante competición en Francia, ademais de ser campioa do mundo de contrarrelloxo en 2003. Investigade na clase cales son esas famosas competicións en Francia e Italia.

9-12 ANOS:

Investigade na clase coa axuda do profesorado as grandes carreiras ciclistas que existen e revisade se existen na modalidade masculina e feminina. Como referencia pode servirvos a lectura do seguinte artigo: <https://www.cofidislikesiciclismo.com/pruebas-ciclistas-femeninas-hay-grandes-vueltas-en-el-ciclismo-femenino/>, onde se menciona a Joane Somarriba unha das protagonistas deste mes no noso calendario.

Rocío Gamonal, Joane Somarriba e Dori Ruano son tres das principais ciclistas españolas, buscade información sobre elas e realízade un palmarés ou listaxe de logros nas súas competicións.

12-15 ANOS

Joane Somarriba é unha das ciclistas de máis sona. Investigade na aula en que competicións internacionais participou e resultado gañadora. Realízade unha previsión das etapas que se poderían realizar nunha proba ciclista en Italia e sinalade que monumentos poden atoparse no itinerario dunha delas.

Lede na clase a seguinte entrevista a Dori Ruano e Silvia Tirado: <http://www.doriruano.es/docs/prensa/noticia-2-documento-1345200167.pdf>. Analízade os diferentes elementos que comentan do ciclismo feminino e valorade se existe igualdade entre as mulleres e os homes que practican este deporte. Explicade cales son os feitos máis discriminatórios e expoñede as posibles solucións.

15-18 ANOS

Lede a seguinte entrevista a Joane Somarriba: <http://sanroehu.wixsite.com/desigualdadciclista/joane-somarriba>. Explicade se existe igualdade entre homes e mulleres no mundo do ciclismo. Á vista desta entrevista en que aspectos existe desigualdade e que medidas poderían axudar a paliar esta desigualdade?

PERSOAS ADULTAS

Investigade o palmarés da ciclista asturiana Rocío Gamonal e lede a noticia seguinte: <http://www.mtbymas.com/2009/02/manifiesto-en-apoyo-rocio-gamonal-y.html>

Considerades que a noticia expón unha situación xusta para Rocío Gamonal? Expoñede por que e debatede solucións.

Mai

3-6 ANOS:

Sentado o alumnado en semicírculo, convidáse a que enumeren todos os deportes que coñezan. Iremos anotando unha listaxe nun mural. En dúas columnas, anotaremos se opinan que o poden practicar homes, mulleres ou ambas. Preguntárase se poden facer o mesmo calquera que sexa o sexo da deportista, se levan a mesma vestimenta deportiva un que outra...

Por grupos, colorear ou pegar anaqñiños de papel de cores, as letras do título do mural que quedará exposto para ir completándoo con fotos de mulleres e homes deportistas que traian de casa.

6-9 ANOS:

O/o titor/a presenta ao alumnado un mural con dúas sopradeiras (globos) grandes contorneadas. Ao alumnado dáselle medio folio tamaño DIN-A4 onde debuxará unha muller practicando un deporte e, debaixo, escribirá que tipo de actividade é, utilizando linguaxe non sexista. Recortaran e pegarán nunha das sopradeiras. Na outra sopradeira pegarán fotos que traian de casa de mulleres practicando algún deporte, presentándoo previamente e dicindo que deporte practica.

9-12 ANOS:

En tres grupos, buscar información na prensa escrita sobre mulleres deportistas coa finalidade de facer tres murais. Se non atopamos información, no noso mural escribiremos o que atopamos: "As mulleres deportistas son invisibles para a prensa escrita".

MATERIAIS Computador, papel continuo, folios, rotuladores, marcadores ou lapis de cores.

12-15 ANOS

En tres equipos, cada un dos cales traballará sobre unha das deportistas do mes de maio, reescribiremos nun mural a súa biografía. Para iso, debemos contar con toda a información posible e fotos das mesmas.

A biografía debe conter todos os datos relevantes das deportistas, non só a nivel familiar senón profesional (ex: se están a traballar noutra profesión, se estudan, se teñen fillas e fillos, se tiveron que renunciar a algo para dedicarse ao deporte, se foron deportistas olímpicas, que e cantos premios gañaron...).

15-18 ANOS

Elaborar un mural cos datos significativos das biografías de cada unha das deportistas do mes de maio e con posterioridade, por pequenos grupos, damos a información obtida. Finalmente debatemos sobre a achega das mulleres nestes deportes e as súas dificultades.

PERSOAS ADULTAS

A muller e o deporte: o machismo que non cesa.

http://www.huffingtonpost.es/sonia-sierra/las-mujeres-y-el-deporte_b_11562150.html

Lerase este artigo por parellas sacando as súas conclusións e expoñéndoo ao gran grupo.

MATERIAIS Computadores e cadernos.

Actividades propostas

3-6 ANOS:

"Xoguemus ao Rugbytots"

O Rugbytots é unha modalidade de rugby sen contacto para nenas e nenos de 2 a 7 anos. As diferentes actividades están adaptadas segundo a idade. Para máis información, entrar nas seguintes ligazóns e vídeos:

LIGAZÓNS:

http://www.elconfidencial.com/deportes/rugby/2015-12-11/como-es-jugar-al-rugby-sin-contacto-rugbytots-para-ninos-llega-a-espana_1118323/
<http://www.rugbytots.com.ar/about.aspx>

VÍDEOS:

<https://www.youtube.com/watch?v=hXaXhBLAjV0>
<https://www.youtube.com/user/Rugbytots>


Materiais: balóns de rugby de cores; cintas de cores, conos de cores e unha superficie plana para adestrar.

Marta Lliteras Ruiz, ex-xogadora de rugby e actualmente adestradora, ten entre os seus principais obxectivos fomentar este deporte entre as mozas e conseguir a igualdade entre mulleres e homes no deporte.

Por tanto, seguindo as indicacións das ligazóns anteriores, realizaremos un adestramento de Rugbytots coas nenas e nenos da nosa clase. Adaptar a actividade e o tempo de adestramento segundo a idade.

Unha vez realizada a actividade, volveremos á clase e reunirámonos en asemblea. Comentaremos como nos sentimos; que momento ou actividade nos gustou máis; como nos sentimos xogando coas nosas compañeiras e compañeiros...

Xuño



9-12 ANOS:

"¿Son xornalista?"

Materiais:

- Móbil/tablet para gravar a entrevista.
- Cámara fotográfica
- Opcional: material funxible para editar a entrevista.

Antes da entrevista:

- Dividirase o grupo-aula en grupos de catro persoas. Cada grupo buscará mulleres deportistas que destaquen en fútbol ou rugby da súa provincia e logo cada grupo elixirá a unha.

-Por internet, buscarase información da deportista elixida e pofírase en común con toda a clase.

-Por votación, elixirase a que deportista se quere entrevistar e clasificaranse por orde de preferencia. Logo contactarase con ela para convidala ao colexio e facerlle a entrevista. Se non pode ser, pasarase á seguinte da lista.

-Cos grupos formados anteriormente, elaboraranse as preguntas e logo seleccionaranse as máis interesantes entre todo o grupo aula.

Durante a entrevista:

- Gravarase a entrevista xa sexa só audio ou vídeo. O alumnado formulará as preguntas seguindo o guión aínda que é interesante formular algunhas espontáneas seguindo as respostas da entrevistada.

Despois da entrevista:

Pódese dividir a clase en subgrupos e que cada un decida o formato en que quere plasmala:

- A man, de forma tradicional.
- Dixitalizala co computador e logo imprimila.
- Finalmente, os resultados pódense expoñer no centro ou incluílos na revista escolar.

12-15 ANOS

"O Atlético de Madrid feminino campeón da Liga Iberdrola"

Materiais:

- Fotocopias dos diferentes artigos de prensa dixital que saen no próximo apartado.
- Computadores ou tablets con acceso a internet.

Actividade:

- Lemos o artigo sobre a prima por gañar a liga Iberdrola: <http://www.lagradona.com/2017/05/21/cuanto-paga-la-rfef-al-campeon-la-liga-iberdrola/>

- Buscamos na Internet que significa "fenda salarial".

- No mundo laboral a brecha salarial entre homes e mulleres é moi pronunciada. Podedes ampliar información na seguinte ligazón: <http://www.forbes.es/actualizacion/290/cual-es-la-brecha-salarial-de-genero-en-las-profesiones-mas-comunes>.

Parece que no mundo do deporte tamén se repite o mesmo patrón...

- O machismo está metido na miola espíal do noso fútbol: <http://ecodiario.eleconomista.es/futbol/noticias/8103596/01/17/Del-era-una-puta-lo-hiciste-bien-al-Shakira-es-de-todos-una-breve-cronica-del-machismo-en-el-futbol-espanol.html>

- Despois de lidos estes tres artigos, iniciar un debate entre o grupo-clase no que falaredes sobre a desigualdade existente entre homes e mulleres no mundo do deporte, e no fútbol en concreto, e do machismo imperante neste deporte.

- Xuntádevos en grupos de tres persoas e realízade unha presentación (Power Point) sobre as principais desigualdades existentes no deporte (fenda salarial, linguaxe sexista, machismo, violencia machista...) e que medidas se poderían tomar para solucionarlas (igualdade salarial, respecto, coeducación...). Podedes buscar información por Internet e acompañar as vosas explicacións con vídeos e/ou imaxes.

- Cada grupo exporá a súa presentación ao resto da clase.



15-18 ANOS

"¿Está o deporte sexualizado?"

Materiais:

Pelota de fútbol; chifre; listaxe de persoas deportistas de elite actuais e históricas, masculinas e femininas, da mesma categoría; cámara de vídeo /móbil; cable USB; computador; proxector/encerado dixital...

Actividade:

A actividade organízase en dous momentos, no patio e na aula.

1º momento: empeza no patio. Pídese ao alumnado masculino que sente á beira do campo de fútbol. Realízase un partido de fútbol feminino e grávanse as reaccións diferentes que xorden ao longo do partido, tanto do campo como da afección. Despois de 15 minutos declárase o final de partido.

2º momento: sóbese á aula ordinaria. Prepárase o vídeo gravado para proxectar no encerado e demándase ao grupo-clase como se sentiron, tanto a un lado como ao outro do campo.

Prantéxase que significa a frase "Non hai que asignar toda a responsabilidade aos medios de comunicación; empeceiros por consumir deporte feminino". Despois de escoitar as diferentes opinións lánzanse preguntas do tipo:

-quen é o futbolista máis aclamado a nivel mundial?; -e a futbolista?; -quen é o ximnasta artístico máis aclamado do mundo?; -e a ximnasta?; -quen é o xogador de baloncesto mundialmente máis aclamado?; -e a xogadora?; -quen é a nadadora de natación sincronizada máis aclamada?; -e o nadador de natación sincronizada?...

O obxectivo é facer un debate en común sobre "a sexualización do deporte". A profesora ou profesor ten que preparar previamente unha listaxe de exemplos de deportistas de elite para facer visible o feito, e inquirir -como o podemos cambiar?

Finalmente visualizarase o vídeo para reflexionar sobre o debatido na clase e analizar as diferentes actitudes respecto dos roles representados.

PERSOAS ADULTAS

"Gracie"

Materiais: internet, pantalla, computador, DVD "Gracie", material funxible...

Metodoloxía:

Ver a película "Gracie" sobre unha moza que quere ser futbolista a finais dos 70 e a súa familia non a deixa, ata que as circunstancias cambian.

Despois de ver a película comentar como era a sociedade a finais dos anos 70.

Que estereotipos ou roles de xénero estaban establecidos e eran os causantes de que non fose ben visto que Gracie xogase ao fútbol? Compara a situación coa actualidade; -aínda se conservan os mesmos estereotipos e roles de xénero? Que cambiou e que non? É a nosa sociedade machista e non se toma en serio o deporte feminino? Como podemos fomentar a igualdade no deporte?

Por último, comentar a frase de Marta Vieira da Silva: "Era a única nena no medio dunha chea de nenos e non era sempre ben aceptada. Pero nunca desistín porque caín na conta de que era unha forma de progresar na vida e axudar á miña familia economicamente e dunha certa maneira revertir ese papel da muller". Buscar información na Internet sobre a súa vida e establecer similitudes e diferenzas coa protagonista da película.



Estas actividades están resumidas. A súa extensión impidio reproducirlas completas. Actividades completas e anexos en organizaciendemujeres.org

Xullo

3-6 ANOS

En asemblea, mostramos as fotos das deportistas de natación que aparecen no calendario. Introducimos a asemblea cunha pregunta: Coñeces algunha nadadora famosa? Falamos sobre a vida das nadadoras.

6-9 ANOS

Traballo de investigación: traerán de casa nomes de nadadoras e as súas fotografías, sacadas da Internet coa axuda da súa nai/pai.

Presentamos en clase as nadadoras que trouxemos de casa. Faremos unha clasificación:

Nome	País	Medallas ouro	Medallas de prata	Medallas de bronce	Outros premios

9-12 ANOS

Traballamos as biografías das nadadoras que aparecen no calendario.

Dividimos a clase en grupos.

1ª actividade. Realizamos un traballo de investigación na Internet sobre a nadadora que asignemos aos distintos grupos.

- Investigaremos sobre:
- Cantas horas dedican ao día a adestrar.
- Que tipo de adestramento realizan, no chan e na auga.
- Estudan ademais de adestrar?
- Consideras que levan unha vida dura? Explica por que.
- Cres que debería haber máis mulleres deportistas? Por que?

2ª actividade. Expoñemos por grupos o traballo realizado.

12-15 ANOS

1ª actividade. Dadas varias biografías, escolle unha delas e fai un artigo no que exemplifiques algún valor como o compromiso da igualdade de xénero.

- Resalta algunha frase na que reflita ese compromiso.
- Que che chamou a atención desta muller que in-

vestigaches? Por que?

- Posta en común no grupo-clase.

2ª actividade. Realizar un caderno con todos os traballos elaborados nas diferentes clases.

15-18 ANOS

1ª actividade. Facemos unha choiva de ideas sobre a natación e as nadadoras. Presentación das nadadoras do calendario.

Por grupos, eliximos unha nadadora e facemos un traballo sobre o máis destacado da súa carreira deportiva analizando desde o noso punto de vista o que máis nos sorprende.

-Aparecen as deportistas coa mesma visibilidade que os homes?

Escribe unha serie de deportes que consideras que deben practicar as mulleres. Explica por que.

2ª actividade. Exposición en clase do traballo realizado.

PERSOAS ADULTAS

Presentadas as nadadoras do calendario:

1ª actividade. Fai unha listaxe con deportes que consideras de mulleres e outro que consideras de homes e explica por que.

Abrimos un debate para romper falsos mitos.

2ª actividade. Formamos grupos; cada grupo elixe unha nadadora do calendario ou outra que decidan para elaborar a súa biografía.

Faremos un mural que colocaremos no corredor con todas as biografías realizadas para que o resto de clases o poidan ver e traballar sobre elas.

https://es.wikipedia.org/wiki/Jennifer_Pareja
https://es.wikipedia.org/wiki/Mireia_Belmonte
<http://www.teresaperales.es/biografia/>
<https://conlacamaraenlapiscina.wordpress.com/2014/10/30/las-11-mejores-nadadoras-espanolas-actuales/>



Agosto

SEMANA CULTURAL. MULLERES DEPORTISTAS.

3-6 ANOS

O equipo docente de Educación Infantil buscará 10 fotografías das mulleres que compoñen este ano o calendario, seleccionando 10 deportes diferentes. Cada fotografía irá asociada ao deporte en que a deportista destaca. Preséntase a fotografía ao grupo durante un minuto dicindo o nome da deportista (segundo o método Doman). Así se fará durante toda a semana na asemblea inicial da clase e na asemblea final. Durante a semana as fotografías expoñeranse de maneira permanente na clase.

6-9 ANOS

En asemblea de clase, presentamos fotografías de elementos básicos de deportes: portería de fútbol, stick de hóckey, pluma de bádminton, balón de baloncesto, de balonmán, piragua... e dicimos nomes de persoas deportistas famosas nestes deportes. É posible que dalgúns non saibamos nomes e é posible que saian poucos nomes de mulleres. Despois preséntanse as fotografías seleccionadas de mulleres deportistas (poden ser as mesmas elixidas para Educación Infantil). O profesorado pode dicir o seu nome e os seus logros deportivos. A continuación pódese abrir un debate de por que non as coñecemos a pesar dos importantes logros deportivos conseguidos. En grupos cooperativos de 4 alumnas/os facemos un mural coas fotografías presentadas para despois facer unha exposición colectiva.

9-12 ANOS

En asemblea de clase dáse o nome de mulleres deportistas e lánzase a pregunta de en que deporte destacan. Faise a mesma pregunta pero con deportistas masculinos. É moi probable que haxa máis éxito co segundo grupo de deportistas que co primeiro e é aquí onde debe xurdir o debate. Por que ocorre isto? Preséntanse as fotografías das mulleres seleccionadas e en grupos cooperativos de 4 alumnas e alumnos investigar sobre a traxectoria deportiva de mulleres nunha disciplina. A investigación levará a presentación ao grupo clase das deportistas elixidas a través dun traballo visual e explicativo no que deberán aparecer os seus triunfos ou os do seu equipo, noticias de xornal e datos biográficos.

12-15 ANOS

¿Quen é quen?

Comezaremos a sesión proxectando o palmarés deportivo de Amaya Valdemoro Madariaga, sen indicar que se trata dela. O palmarés é o seguinte: 1 Euroliga, 2 Mundiais de clubs, 8 Ligas, 9 Copas do Rei ou da Raíña, 4 Supercopas de España, 2 Premier League, 3 Ligas americanas, 1 Bronce campionato do Mundo, 1 Ouro europeo, 1 Prata europeo, 3 Bronces europeo máis numerosas distincións individuais.

Pediremos ao alumnado que escriban nun anaco de folia o nome da persoa deportista a que crean que corresponde o devandito palmarés. Recoñeceremos as anotacións do alumnado e íremolas escribindo no encerado. Cando teñamos todos os datos faremos unha análise dos mesmos; indicando porcentaxe de deportistas homes propostos fronte ao de mulleres e tamén se teñen relación con deportes maioritarios como é o caso de fútbol fronte a outros deportes. Seguidamente di-

Estas actividades están resumidas. A súa extensión impidio reproducirlas completas. Actividades completas e anexos en organizaciendemujeres.org



remos a identidade da deportista. A devandita análise de datos débemos levar a facer unha reflexión co grupo-clase sobre a invisibilización das mulleres deportistas así como dos deportes minoritarios, fronte á hexemonía do fútbol.

15-18 ANOS

Radio escolar


Propoñeremos ao alumnado buscar información sobre mulleres deportistas, a súa invisibilización e sobre deportes adaptados. Para iso, durante unha sesión utilizaremos a aula de informática do centro educativo. Organizaremos grupos de traballo con 3 compoñentes como máximo. Deberán tomar datos do seu traballo de documentación para posteriormente utilizalo en faladoiros de radio que realizaremos no instituto. Con eses datos redactarán preguntas para ter charlas-coloquios con máis compañeiras e compañeiros, así como con docentes e persoal laboral do centro.

PERSONAS ADULTAS

"Diferentes capacidades. Inclusión"

Usaremos a primeira sesión para falar co noso alumnado sobre os seus referentes deportivos. Faremos unha choiva de ideas no encerado cos nomes das persoas deportistas que vaian citando. Previsiblemente, a maior parte se centre en homes e dificilmente algún nomee a unha persoa deportista paralímpica. Esta choiva de ideas servirán para analizar que hai grandes deportistas que quedaron invisibilizadas polo feito de ser mulleres ou dobremente discriminadas por ser mulleres e por practicar deportes adaptados.

Usaremos o proxector para mostrar fotografías de Amaya Valdemoro Madariaga, Sonia Ruiz Escrivano e Diana Taurasi. Iremos comentando algúns dos logros deportivos de cada unha e debateremos sobre por que con ese palmarés son practicamente descoñecidas para a sociedade. Así mesmo, reflexionaremos sobre as distintas capacidades que temos todas as persoas e o complicado que resulta practicar un deporte adaptado. Valoraremos o sobreesforzo e a capacidade de superación das persoas que practican deportes adaptados e o pouco recoñecemento social que reciben, así como a necesidade dunha inclusión real na sociedade de persoas con capacidades diferentes.



Actividades propostas



3-6 ANOS

1ª actividade Tras ver o conto "O fútbol tamén é para Mariana" (<https://www.youtube.com/watch?v=oJeuEeoYCF4>) facemos unha pequena asemblea e vemos que é o que pensa o alumnado. Podemos expor preguntas como: hai deportes para nenos e para nenas?

2ª actividade Creación dun conto de forma colectiva, na que a protagonista sexa unha nena, e queira practicar un deporte tradicionalmente asignado ao xénero masculino.

6-9 ANOS

1ª actividade Lectura do conto "Un bicho raro" en gran grupo (Cuentos para educar, de CEAPA) <https://www.ceapa.es/content/cuentos-para-educar-0>

2ª actividade Realización dun "memory game" coas fotografías nuns cartóns, e os nomes e os deportes noutras.

9-12 ANOS

1ª actividade Lectura do conto "Tod@s somos iguais" de Marcos García (1º ESO, IES Licio de la Fuente, Coín, Málaga – Certamen cuentos para educar) <http://www.educacionenmalaga.es/public/2010/09/certamen-cuentos-amatista-correcciones-septiembre.pdf>

2ª actividade LAPBOOK sobre mulleres no deporte. O obxectivo é realizar unha investigación sobre o tema, e desá maneira visibilizar o labor das deportistas. As seccións poden ser as adxuntas na foto, ou outras.

12-15 ANOS

1ª actividade Olympia, o conto de Almudena Cid. Comentario colectivo das impresións sacadas do conto. Pequeno debate: cantas deportistas mulleres coñeces? Cres que as mulleres teñen máis obstáculos á hora de practicar un deporte?

2ª actividade Investigación sobre a biografía de Almudena Cid: https://es.wikipedia.org/wiki/Almudena_Cid <http://almudenacid.com/> Realización dun mural sobre a ximnasta.

15-18 ANOS

1ª actividade Elaboración dun mural, cos datos significativos das biografías de cada unha das mulleres (Almudena Cid, Nadia Comaneci e María Pardo).

2ª actividade Por equipos, realizar entrevistas formulando preguntas ás protagonistas deste mes. Se fose posible, gravar as entrevistas en audio ou vídeo, e facer un pequeno podcast para a súa difusión.

PERSOAS ADULTAS

1ª actividade Lectura destas publicacións ou similares: <http://smoda.elpais.com/moda/actualidad/los-8-titulares-mas-machistas-de-los-juegos-olimpicos-de-rio/>

<http://www.elplural.com/sociedad/2016/08/22/el-machismo-en-unos-jjoo-donde-las-mujeres-han-sido-de-oro>

Como exercicio de reflexión, poderíamos darlle a volta, é dicir, elixir a uns cantos deportistas homes e escribir

ese tipo de titulares sobre eles, para reflexionar sobre como normalizamos este machismo diario nos medios. Outra actividade interesante é reescribir os titulares, resaltando o valor e os méritos das deportistas. Se queremos ampliar, e non velo só no deporte: <http://undebateenmicabeza.blogspot.com.es/2016/11/60-ejemplos-de-machismo-en-prensa-y.html>

2ª actividade Revisión do artigo: <http://es.besoccer.com/noticia/clausulas-anti-embarazo-la-verguenza-del-futbol-femenino-17-05-2017>

Posterior debate sobre maternidade e muller.

3-6 ANOS

En asemblea falaremos de que as nenas poden facer os mesmos deportes que os nenos. Irán dicindo deportes e irémolos mostrando imaxes de mulleres practicando eses deportes. Dirixiremos a conversación cara ao deporte de pilotaxe de motos ou coches e mostráremos varias imaxes de mulleres practicando os devanditos deportes, empezando polas mulleres que saen no calendario.

1ª Actividade Buscaremos na Internet imaxes de pilotas tanto de motos como de coches, con esas imaxes realizaremos un mémori para traballar na aula.

2ª Actividade Faremos un quebracabezas con imaxes de pilotas, o número de pezas variará en función do grupo de alumnado ao que vaia dirixida a actividade.

6-9 ANOS:

A partir deste código, escribiremos frases sobre as pilotas deste mes e o alumnado deberá descifralo. Por exemplo:

Laia Sanz gañou o Paris Dakar na categoría de motos

María Herrera Muñoz é unha piloto de motociclismo

Carmen Jordá é piloto de automobilismo.

9-12 ANOS:

1ª Actividade Seleccionaremos un dos países polos que pasaron na proba Paris - Dakar. En grupos de catro, o alumnado investigará sobre cada un dos lugares seleccionados.



3-6 ANOS

CONTO: PODE SER UNHA MULLER FUTBOLISTA?

(Contos escritos por alumnos e alumnas) <http://www.educacionenmalaga.es/public/2010/09/certamen-cuentos-amatista-correcciones-septiembre.pdf>

A partir da lectura do

conto, responderán en asemblea a preguntas como:

2ª Actividade:

Leremos entre toda a clase a biografía das deportistas do mes e despois o alumnado deberá contestar a preguntas sobre o lido.

Como se chama a piloto de 22 anos de idade que compite en motociclismo? Cantos rallyes Paris - Dakar gañou Laia Sanz i Pla-Giribert? En que modalidade deportiva compite Carmen Jordá?

12-15 ANOS

Traballo de investigación: indagar sobre o número de mulleres que participaron ata a data na proba Paris- Dakar. Buscar a biografía de cada unha delas e facer un mural coa información obtida.

15-18 ANOS

En pequeno grupo o alumnado buscará noticias sobre pilotas e pilotos. Analizarán cada unha das noticias con perspectiva feminista indicando aquilo que fai alusión a estereotipos, sexismo, coofinización da muller, linguaxe non inclusiva... Unha vez feita a análise, reelaborarán as noticias das mulleres evitando todo sexismo nelas.

PERSONAS ADULTAS

Visionado da película "Quero ser como Beckham". Debate posterior sobre os estereotipos, o sexismo, homofobia... Ligazóns para o seu uso no debate previo e posterior ao visionado da película. http://www.cmpa.es/datos/2351/quiero_ser_como_Beckham_3934.pdf <http://www.edualter.org/material/cineidssr/beckam.htm>

Estos actividades están resumidos. A súa extensión impedía reproducirlas completas. Actividades completas e anexos en organizaciendemujeres.org

Decembro

12-15 ANOS

TODO SOBRE O MUAI THAI

Para coñecer o deporte do MUAI THAI ou boxeo xaponés cada persoa buscará información de xeito individual realizando un mural coas características deste deporte, fotos e nomes de deportistas que destacasen nesta liña.

Tras unha exposición en común das descrições analizaremos o número de mozas que se nomearon neste deporte e as posibles causas da pouca participación feminina.

Tras o visionado da reportaxe sobre Yohanna Alonso, campioa do mundo neste deporte <http://campeonisimas.es/reportajes/yohanna-alonso-campeona-mundo-muay-thai-lucha-violencia-genero/> iniciamos un debate xustificando as frases da deportista que aparecen na reportaxe.

OPINIÓNS DE YOHANNA ALONSO

“O Muai Thai é un mundo de homes e atopei moito machismo”
“A solución para acabar coa violencia de xénero é a educación na infancia”

15-18 ANOS

No seguinte gráfico reflíctese un dos resultados publicados na “Enquisa de hábitos deportivos”. (España 2015, MECDD)

En grupos, analizarán o gráfico e realizarán unha listaxe da práctica destes deportes por sexos. Extraer se hai diferenzas significativas e en que deportes.

En gran grupo, debater sobre as posibles causas ou factores que explican que entre as mulleres sexa menos frecuente a práctica de fútbol, ciclismo ou tenis. Argumentar posibles solucións para reducir estas diferenzas.

Gráfico 12
Personas que practicaron deporte en el último año en las modalidades más frecuentes según sexo
(En porcentaje de la población que practicó deporte en el último año)



PERSOAS ADULTAS

Documentarse sobre as dúas deportistas paralímpicas que aparecen no mes de decembro: Gemma Hassen-Bey (esgrima) e Loia Zabala (halterofilia).

TÍTULO: Gema Hassen-Bey: Hai moito tabú respecto ao sexo e a cadeira de rodas

http://www.vanitatis.elconfidencial.com/noticias/2016-06-23/gema-hassen-bey-medallista-paralimpica-de-esgrima-hay-mucho-tabu-respecto-al-sexo-y-la-silla-de-ruedas-lgtb_1220560/

Loia Zabala: “A halterofilia dame unha independencia que me fai esquecer a miña discapacidade”

<http://www.avancedeportivo.es/noticias/loia-zabala/>

Analizar as dificultades e os retos cos que se tiveron que enfrontar estas dúas deportistas e expoñelo en común co grupo-clase.

Recole información e realiza propostas que axuden a promover o deporte paralímpico feminino se foses:

- a) Xornalista.
- b) Membro do Comité Paralímpico Español.
- c) Profesora ou profesor de Universidade.
- d) Política ou político influente.

3-6 ANOS

Antes de comezar as actividades a profesora ou o profesor explicalle ao alumnado na asemblea quen son as tres mulleres tenistas que aparecen neste mes; Carolina Marín, Conchita Martínez e Venus Williams.

“Que comeu a serpe?”

Antes de comezar a actividade, a profesora ou o profesor pode explicar que existen diferentes tipos de deportes nos que se utilice raqueta, existen diferentes tipos de raquetas, pelotas, pluma... dependendo a que deporte se xogue. Tenis, bádminton, squash, pín-pón, pádel...

Cando xa recoñezan diferentes tipos de raquetas e pelotas podemos empezar coa actividade. Poden ir saíndo a debuxar ao encerrado unha serpe, pero á hora de debuxala deben distorsionar o corpo facendo a silueta do obxecto que comeu: se ten unha barriguiña moi pequena, será a pelota de pín-pón; se ten unha barriguiña moi grande, será unha raqueta de tenis.

6-9 ANOS:

MATERIAIS: PD.I (encerado dixital), raquetas de minitenis, pelotas de gomaespuma, pivotes.

Fase 1. O oso Berni.

Visionado do vídeo en youtube sobre “O oso Berni: tenis” que fará descubrir ao alumnado as regras básicas do tenis facendo énfase no compañeirismo e respecto á compañeira/o. Realizar unha pequena choiva de ideas sobre a importancia do traballo en equipo.

Fase 2. Quecemento do grupo: trémenos o corpo.

Trátase de realizar rotacións de articulacións por parella, con movementos que inventen para iso. Desde os nocellos ao pescozo (a orde sería o seguinte: nocellos, xenllos, cintura, ombreiros, cábados, pulso, dedos, brazo completo e pescozo).

Fase 3. A bandexa de refresco (xogo de competición).

Divídese a clase en grupos de 5 e colócanse en fila. Colócase un pivote en fronte, a uns metros. Coa pa simulando ser unha bandexa de camarero/a, e colocando unha pelota encima, o alumnado terá que ir cara ao pivote, bordealo e volver á fila, pasando o material ao seguinte compañeiro/a. Se a pelota cae, a nena/o volve empezar. Gaña o equipo no que os seus membros fixesen o percorrido coa mor brevidade.

9-12 ANOS:

Buscar portadas de xornais deportivos que falen dos logros das mulleres deportistas, ensinárlas a primeira ollada, e a profesora ou profesor preguntar se detectan machismo nesas portadas.

Despois de que o alumnado dea as súas impresións, podemos analizalas máis profundamente.

Por exemplo: “Maialen Chourraut, unha nai de ouro”. Cando vimos unha portada dun home deportista que gañase algunha medalla de ouro e fíxeránela referencia ás súas fillas ou fillos?

Mireia gaña en 200 bolboreta e o xornal a súa portada di “Deixáchesnos sen palabras”. Non fai referencia ao que gañou, como foi, onde... porén, cando o gaña un home, especifican ata o tempo que adestrou para conseguilo...

A imaxe de Carolina Marín cando gañou o ouro en bádminton no mundial, houbo xornais que se fixaron máis no adestrador “que logrou tranquilizar as súas rabieiras”, que no esforzo de Carolina para lograr esa medalla. Ademais podemos profundar un pouco máis na mensaxe e ver como tratan a Carolina coma se fose unha nena pequena.

Esta actividade pódese completar buscando portadas destes xornais cando os homes gañaron algunha medalla ou algún título e compáralas; verase a discriminación aínda máis.

